3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<p>REPASO, REFORZO E AMPLIACIÓN:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Videoconferencias por CISCO WEBEX (3º ESO B, dúas horas semanais) • Actividades de reforzo e ampliación para os alumnos aprobados <p>RECUPERACIÓN:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Traballo individual • Actividades de recuperación a través da aula virtual
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>Para os alumnos con conectividade: Repaso e reforzo de todos os temas dados nas dúas avaliacións anteriores mediante dúas clases semanais fixas por videoconferencia (3º ESO B) e actividades, PDFs e material complementario colgado na Aula Virtual.</p> <p>Para os alumnos sen conectividade: hai unha alumna que ten problemas de conectividade e está residindo noutro concello á que se lle envían actividades e material para traballar a través do correo electrónico.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<ul style="list-style-type: none"> • PDFs sobre distintos temas (reforzo e repaso de temas das 1ª e 2ª avaliacións e ampliación de temas da 3ª) na Aula Virtual • Materiais complementarios (vídeos,...) na Aula Virtual. • Exercicios e actividades sobre temas de repaso e reforzo (1ª e 2ª avaliacións) e de ampliación (3ª avaliación) na Aula Virtual e/ou enviados ao correo electrónico. • Foro de Novas da Aula Virtual para avisos, invitacións ás videoconferencias, informacións xerais... • Videoconferencias por CISCO WEBEX (3º ESO B) • Correo electrónico

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	O alumnado recibirá a información a través da páxina web do centro, o Foro de Novas da Aula Virtual e directamente mediante as videoconferencias semanais.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES AS TELLEIRAS (NARÓN , A CORUÑA)
CURSO: 1º BACH
MATERIA: GREGO
DEPARTAMENTO: GREGO
DATA: 12/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
PRIMEIRA AVALIACIÓN	
B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua grega.	GR1B1.1.1. Localiza nun mapa o marco xeográfico en que ten lugar o nacemento da lingua grega e a súa expansión. CD, CSC
B1.2. Explicar a orixe da lingua grega a partir do indoeuropeo e coñecer os principais grupos lingüísticos que compoñen a familia das linguas indoeuropeas.	GR1B1.2.1. Explica a orixe da lingua grega e a relación coas outras linguas da familia indoeuropea. CAA, CCEC
B1.6. Identificar exemplos de escritura micénica e alfabética.	GR1B1.6.1. Identifica a escritura Lineal B como un silabario, e a evolución dos caracteres do alfabeto. CCL
B1.8. Recoñecer a división dialectal da lingua grega e identificar a súa expansión xeográfica	GR1B1.8.1. Sitúa nun mapa as diversas variedades dialectais da lingua grega. CCL, CSC
B2.2. Coñecer a orixe do alfabeto grego, a súa influencia e a súa relación con outros sistemas de escritura usados na actualidade.	GR1B2.2.1. Explica a orixe do alfabeto grego e describe a evolución dos seus signos a partir da adaptación dos signos do alfabeto fenicio. CCL
B2.3. Coñecer os caracteres do alfabeto grego na súa forma minúscula e maiúscula, escribilos e los coa pronuncia correcta.	GR1B2.3.1. Identifica e nomea correctamente os caracteres que forman o alfabeto grego, na súa forma minúscula e maiúscula, e escríbeos e leos correctamente. CCL
B2.4. Recoñecer o cadro clasificatorio dos fonemas da lingua grega xunto coa súa pronuncia.	GR1B2.4.1. Sitúa todos os fonemas da lingua grega no cadro clasificatorio dos fonemas e sabe describilos desde o punto e o modo de articulación. CCL
B2.6. Coñecer os acentos, espíritos e demais signos diacríticos e de puntuación, o seu valor e a súa colocación.	GR1B2.6.1. Coñece o valor e colocación dos acentos, espíritos e demais signos diacríticos e de puntuación. CCL
B3.1. Coñecer o concepto de flexión lingüística.	GR1B3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica as características que permiten identificarlas e define criterios para clasificalas. CCL
B3.2. Distinguir e clasificar as categorías de palabras a partir do seu enunciado.	GR1B3.4.1. Enuncia correctamente diversos tipos de palabras en grego, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoos segundo a súa categoría e declinación. CC
B3.5. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa declinación, declinalas correctamente, e analizar e traducir formas nominais e pronominais.	GR1B3.5.1. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente. CCL
B3.6. Conxugar correctamente as formas verbais estudadas, analízalas morfoloxicamente e tradúcilas.	GR1B3.6.4. Conxuga os tempos verbais en voz activa e medio pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes. CCL
B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.	GR1B4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal grega, explica as súas funcións dentro da oración e ilustra con exemplos a forma adecuada de tradúcilos. CCL
B4.2. Coñecer e identificar os nomes dos casos gregos e as súas funcións na oración, e saber traducir adecuadamente os casos á lingua materna.	GR1B4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal grega, explica as súas funcións dentro da oración e ilustra con exemplos a forma adecuada de tradúcilos. CCL
B4.3. Coñecer o concepto de concordancia tanto nominal (caso, xénero e número) como verbal (número e persoa).	GR1B4.3.1. Coñece e aplica a concordancia entre nomes e determinantes nominais, así como entre verbos e suxeitos.
B4.4. Recoñecer os elementos da oración: suxeito, predicado, atributo, complementos, etc.	GR1B4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal grega, explica as súas funcións dentro da oración e ilustra con exemplos a forma adecuada de tradúcilos. CCL
B4.11. Coñecer, comprender e utilizar os elementos morfolóxicos da lingua grega, e iniciarse	GR1B4.12.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da

na interpretación e na tradución de textos de dificultade progresiva.	lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e/ou en castelán. CCL GR1B6.3.1. Traduce do grego ao galego e/ou ao castelán frases e textos sinxelos. CCL
B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico grego: as palabras de maior frecuencia e os principais prefixos e sufixos.	GR1B7.3.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e explica o seu significado remitíndose aos étimos gregos orixinais. CCL
B7.3. Recoñecer os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e remontalos aos étimos gregos orixinais.	GR1B7.3.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado das palabras de léxico común da lingua propia. CCL
SEGUNDA AVALIACIÓN	
B3.5. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa declinación, declinalas correctamente, e analizar e traducir formas nominais e pronominais.	GR1B3.5.1. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente. CCL GR1B3.6.1. Declina e/ou conxuga correctamente palabras propostas segundo a súa categoría, e explica e ilustra con exemplos as características que diferencian os conceptos de conxugación e declinación. CCL
B4.3. Coñecer o concepto de concordancia tanto nominal (caso, xénero e número) como verbal (número e persoa).	GR1B3.5.1. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente. CCL GR1B3.5.2. Analiza desde o punto de vista morfolóxico substantivos, adxectivos, determinantes e sintagmas de concordancia, e tradúceos correctamente ao galego e/ou ao castelán. CCL
B3.6. Conxugar correctamente as formas verbais estudadas, analízalas morfoloxicamente e tradúcilas.	GR1B3.6.1. Declina e/ou conxuga correctamente palabras propostas segundo a súa categoría, e explica e ilustra con exemplos as características que diferencian os conceptos de conxugación e declinación. CCL
B7.5. Relacionar palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.	GR1B7.5.1. Relaciona distintas palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica. CCL
B5.2. Coñecer e comparar as principais formas de organización política e social da antiga Grecia.	GR1B5.2.1. Describe os principais sistemas políticos da antiga Grecia e compáraos entre eles, establecendo semellanzas e diferenzas, e cos actuais. CSC
B5.6. Coñecer os deuses, os mitos e os heroes gregos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.	GR1B5.5.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, e sinalar os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia. CCEC GR1B5.7.1. Enumera e explica as principais características da relixión grega, póndoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas. CCE

B6.1. Coñecer e aplicar os coñecementos fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua grega para a interpretación e a tradución coherente de frases ou textos de dificultade progresiva	GR1B4.12.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e/ou en castelán. CCL GR1B6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos de dificultade graduada para efectuar correctamente a súa tradución. CCL
B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico grego: as palabras de maior frecuencia e os principais prefixos e sufixos.	GR1B7.3.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e explica o seu significado remitíndose aos étimos gregos orixinais. CCL
	GR1B3.6.2. Clasifica verbos segundo o seu tema, e describe os trazos polos que se recoñecen os modelos de flexión verbal. CCL GR1B3.6.5. Analiza morfoloxicamente e traduce ao galego e/ou ao castelán diferentes formas verbais gregas, e compara o seu uso en ambas as linguas. CCL
	GR1B6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos de dificultade graduada para efectuar correctamente a súa tradución. CCL
TERCEIRA AVALIACIÓN	
B3.7. Diferenciar entre formas persoais e non persoais do verbo e recoñecer as categorías gramaticais presentes en cada unha delas.	GR1B3.7.1. Distingue formas persoais e non persoais dos verbos, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para as clasificar. CC
B4.6. Distinguir as oracións simples das compostas.	GR1B4.5.1. Compara e clasifica diferentes tipos de oracións simples, e identifica e explica en cada caso as súas características. CCL
B3.6. Conxugar correctamente as formas verbais estudadas, analízalas morfoloxicamente e traducilas.	GR1B3.6.4. Conxuga os tempos verbais en voz activa e medio pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes. CCL GR1B3.6.6. Cambia de voz as formas verbais identificando e manexando con seguridade os formantes que expresan este accidente verbal. CC
B4.7. Coñecer as funcións das formas de infinitivo nas oracións.	GR1B4.7.1. Identifica as funcións das formas de infinitivo dentro da oración, comparando exemplos do seu uso. CCL
B4.8. Identificar as construcións de infinitivo concertado e non concertado.	GR1B4.8.1. Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de infinitivo concertado e non concertado, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñece. CCL

B4.10. Identificar as construcións de participio concertado e non concertado.	GR1B4.10.1. Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio concertado e non concertado, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñece. CCL
B4.9. Coñecer as funcións das formas de participio nas oracións.	GR1B4.9.1. Identifica as funcións das formas de participio dentro da oración, comparando exemplos do seu uso. CCL
B5.4. Identificar as principais formas de traballo e de lecer da antigüidade.	GR1B5.4.2. Describe as principais formas de lecer da sociedade grega e analiza a súa finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social. CSC
B6.1. Coñecer e aplicar os coñecementos fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua grega para a interpretación e a tradución coherente de frases ou textos de dificultade progresiva.	GR1B4.12.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e/ou en castelán. CCL

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Valoración cuantitativa e cualitativa do avance individual dos alumnos a través das actividades e exercicios enviados a través do correo electrónico e da Aula Virtual.</p>
	<p>Instrumentos: Actividades dos distintos temas na Aula Virtual e a través do correo electrónico. Proba escrita realizada por medios telemáticos.</p>
Cualificación final	<p>Conforme ás Instrucións de 27 de abril de 2020, para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, os exercicios e probas realizados na terceira avaliación servirán para recuperar as dúas primeiras, no caso de estaren suspensas e, de estar aprobados, a media obtida na terceira avaliación fará media ponderada (25%, 30% e 45% respectivamente) coas outras dúas; ben entendido que, de ser esa media menor á resultante das dúas primeiras avaliacións, manterase esta última.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Salvo nova decisión das autoridades competentes, exame presencial cos contidos axustados ao dado na primeira e segunda avaliación. O aprobado, cunha nota mínima de 5, nesta proba significará a superación da materia.</p>
Alumnado con materia de Grego 1º Bach pendente	<p>Criterios de avaliación: Realizarase unha proba escrita axustada aos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe imprescindibles.</p>
	<p>Criterios de cualificación: Unha nota mínima de 5 na proba significará a superación da materia pendente.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba escrita realizada por medios telemáticos.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> • Videoconferencias pola plataforma CISCO WEBEX dúas horas semanais (luns e venres , ás 18:00 horas) para repaso e ampliación de materia con vistas ao curso 2020/2021 co apoio do libro de texto. • Actividades de repaso e ampliación para os alumnos aprobados, consistentes en exercicios de declinación nominal, conxugación verbal, identificación de helenismos frecuentes no vocabulario común, análise e tradución de frases. • Actividades de recuperación para os alumnos con avaliacións suspensas, consistentes en exercicios de declinación nominal, conxugación verbal, análise morfosintáctica, análise e tradución de frases. • Actividades sobre temas de Cultura e civilización gregas, de repaso e ampliación, para todo o alumnado. • Videoconferencias pola plataforma CISCO WEBEX unha hora semanal (mércores ás 18:00 horas) para repasar dirixida ao alumnado coa materia de Grego 1º Bacharelato pendente con proposta de actividades do libro de texto.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Para os alumnos con conectividade: Repaso de todos os temas dados nas dúas avaliacións anteriores mediante dúas clases semanais fixas por videoconferencia e actividades apoiadas no libro de texto e o material complementario colgado na Aula Virtual.</p> <p>Para os alumnos sen conectividade: Non se atopa ningún alumno de 1º Bacharelato de Grego nestas condicións.</p>
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> • Libro de texto: Grego 1º/2º , Edit. Baía • Materiais complementarios (presentacións en PDF, vídeos, libros...) sobre temas de repaso, reforzo e ampliación na A.V. • Exercicios de repaso, reforzo e ampliación na A.V. e enviados a través do correo. • Videoconferencias pola plataforma CISCO WEBEX • Correo electrónico • Comunicación a través de WhatsApp (grupo formado con todo o alumnado de Grego 1º Bacharelato)

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	O alumnado recibirá a información a través da páxina web do centro, o Foro de Novas da Aula Virtual e directamente mediante as videoconferencias semanais.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES AS TELLEIRAS (NARÓN , A CORUÑA)
CURSO: 2º BACH
MATERIA: GREGO
DEPARTAMENTO: GREGO
DATA: 12/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
PRIMEIRA AVALIACIÓN	
B1.1. Coñecer as orixes dos dialectos antigos e literarios, clasificalos e localizalos nun mapa.	GR2B1.1.1. Delimita ámbitos de influencia dos distintos dialectos, situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica. (CCL, CD, CCEC)
B2.1. Identificar, analizar, traducir e efectuar a retroversión de calquera tipo de formas nominais e pronominais.	GR2B2.1.1. Recoñece con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declinaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán.(CCL)
B2.2. Identificar, conxugar, traducir e efectuar a retroversión de calquera tipo de formas verbais.	GR2B2.2.1. Recoñece con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán. (CCL)
B2.3. Coñecer as categorías gramaticais.	GR2B2.2.1. Nomea e describe as categorías gramaticais, sinalando as características que as distinguen.(CCL)
B3.1. Recoñecer os valores dos casos e os usos sintácticos do sistema pronominal.	GR2B3.1.1. Recoñece os valores dos casos gregos e os usos dos pronomes en frases e textos propostos.(CCL)
B3.4. Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas.	GR2B3.4.1. Recoñece e clasifica oracións e construcións sintácticas.(CCL)
B4.1. Coñecer as características dos xéneros literarios gregos, os seus autores e obras máis representativas, e as súas influencias na literatura posterior.	GR2B4.1.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios gregos, e identifica e sinala a súa presenza nos textos propostos.(CCL, CCEC)
B4.5. Coñecer os autores fundamentais da literatura coas súas obras principais.	GR2B4.5.1. Nomea autores representativos da literatura grega, encádraos no seu contexto cultural e cita e explica as súas obras máis coñecidas. (CD, CCEC)
B5.1. Coñecer, identificar e relacionar os elementos morfolóxicos da lingua grega en interpretación e tradución de textos gregos.	GR2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos gregos para efectuar correctamente a súa tradución.(CCL)
B5.2. Utilizar o dicionario e procurar o termo máis apropiado na lingua propia para a tradución do texto.	GR2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, e identifica en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia en función do contexto e do estilo empregado polo/a autor/a.(CCL)
B5.3. Realizar a tradución, a interpretación e o comentario lingüístico, literario e histórico de textos de grego clásico.	GR2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos, partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.(CSC, CCEC)
B5.4. Coñecer o contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.	GR2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos, partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.(CSC, CCEC)
B6.1. Recoñecer os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e remontalos aos étimos gregos orixinais.	GR2B6.1.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e explica o seu significado a partir dos étimos gregos orixinais. (CCL)
SEGUNDA AVALIACIÓN	
B2.4. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras.	GR2B2.4.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes.(CCL)
B2.5. Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto grego.	GR2B2.5.1. Sabe determinar a forma, a clase e a categoría gramatical das palabras dun texto, detectando correctamente coa axuda do dicionario os morfemas que conteñen información gramatical.(CCL)
B3.2. Recoñecer os usos das preposicións e dos complementos circunstanciais.	GR2B3.2.1. Recoñece os valores das preposicións e identifica os complementos circunstanciais.(CCL)

B3.6. Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo	GR2B3.6.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións.(CCL) GR2B3.6.2. Coñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza.(CCL)
B4.3. Coñecer os fitos esenciais da literatura grega como base da literatura e da cultura europea e occidental.	GR2B4.3.1. Explora a conservación dos xéneros e os temas literarios da tradición grega mediante exemplos da literatura contemporánea, e analiza o uso que se fixo deles.(CCL, CCEC)
B4.5. Coñecer os autores fundamentais da literatura coas súas obras principais.	GR2B4.5.1. Nomea autores representativos da literatura grega, encádraos no seu contexto cultural e cita e explica as súas obras máis coñecidas.(CD, CCEC)
B5.3. Realizar a tradución, a interpretación e o comentario lingüístico, literario e histórico de textos de grego clásico.	GR2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentario lingüístico, literario e histórico de textos.(CCL, CCEC)
B6.3. Coñecer, identificar e traducir o léxico grego.	GR2B6.3.1. Explica o significado de termos gregos mediante termos equivalentes en galego e en castelán.(CCL) GR2B6.3.2. Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir do contexto ou de palabras da súa lingua ou doutras que coñeza.(CCL)
TERCEIRA AVALIACIÓN	
B3.5. Recoñecer os nexos subordinantes e os tipos de oracións subordinadas.	GR2B3.5.1. Recoñece, clasifica, analiza e traduce correctamente os nexos subordinantes.(CCL)
B3.7. Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas da lingua grega en interpretación e tradución de textos de textos clásicos.	GR2B3.7.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas gregas, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza.(CCL)
B5.3. Realizar a tradución, a interpretación e o comentario lingüístico, literario e histórico de textos de grego clásico.	GR2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentario lingüístico, literario e histórico de textos.(CCL, CCEC)
B6.4. Relacionar palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.	GR2B6.4.1. Comprende e explica a relación entre termos pertencentes á mesma familia etimolóxica ou semántica. (CCL)

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 3 DE 6	CENTRO: CURSO: MATERIA:
-------------------------------------------------------	---------------	-------------------------------

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Valoración cuantitativa e cualitativa do avance individual dos alumnos a través das actividades e exercicios enviados a través da Aula Virtual e do correo electrónico.</p>
	<p>Instrumentos: Actividades dos distintos temas na Aula Virtual e a través do correo electrónico. Proba escrita realizada por medios telemáticos.</p>
Cualificación final	<p>Conforme ás Instrucións de 27 de abril de 2020, para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, os exercicios e probas realizados na terceira avaliación servirán para recuperar as dúas primeiras, no caso de estaren suspensas e, de estar aprobados, a media obtida na terceira avaliación fará media ponderada (25%, 30% e 45% respectivamente) coas outras dúas; ben entendido que, de ser esa media menor á resultante das dúas primeiras avaliacións, manterase esta última.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Salvo nova decisión das autoridades competentes, exame presencial cos contidos axustados ao dado na primeira e segunda avaliación. O aprobado, cunha nota mínima de 5, nesta proba significará a superación da materia.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: Non hai alumnado coa materia de Grego 2º Bacharelato pendente</p>
	<p>Criterios de cualificación: Non hai alumnado coa materia de Grego 2º Bacharelato pendente</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> • Videoconferencias pola plataforma ZOOM (dúas horas semanais (martes e xoves, ás 18:00 horas) para repaso e ampliación de materia co apoio do libro de texto e o dicionario. • Actividades de repaso e ampliación para os alumnos aprobados, consistentes en tradución de textos de Xenofonte similares aos das probas da ABAU e exercicios de análise morfosintáctica e práctica de helenismos relacionados con estes textos, a través do correo electrónico. • Actividades de recuperación para os alumnos con materias suspensas, consistentes en repaso dos contidos previamente explicados nas clases, incidindo fundamentalmente en aqueles de maior complexidade das dúas avaliacións anteriores; tradución de textos de Xenofonte similares aos das probas da ABAU e exercicios de análise morfosintáctica e práctica de helenismos relacionados con estes textos, enviados a través do correo electrónico. • Lectura e explicación das obras de literatura grega propostas como obrigatorias para as probas de ABAU (documentos PDF e vídeos na Aula Virtual) explicados durante as videoconferencias.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Para os alumnos con conectividade: Repaso de todos os temas dados nas dúas avaliacións anteriores mediante dúas clases semanais fixas por videoconferencia e actividades apoiadas no libro de texto e o material complementario colgado na aula virtual.</p> <p>Para os alumnos sen conectividade: Non se atopa ningún alumno de 2º Bacharelato de Grego nestas condicións.</p>
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> • Libro de texto: Grego 1º/2º Bachillerato , Edit. Baía • Materiais complementarios (presentacións en PDF e vídeos sobre temas de repaso, reforzo e ampliación na A.V. • Exercicios de tradución de repaso, reforzo e ampliación coa súa corrección correspondente enviados a través do correo electrónico (modelos da ABAU de cursos anteriores) • Videoconferencias pola plataforma ZOOM • Correo electrónico • Comunicación a través de WhatsApp (grupo formado con todo o alumnado de Grego 2º Bacharelato)

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	O alumnado recibirá a información a través da páxina web do centro, do correo electrónico, do Foro de Novas da Aula Virtual e directamente mediante as videoconferencias semanais.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.